

A IMAXE DA MULLER NA FRASEOLOXÍA GALEGA E ESPAÑOLA: ACHEGAMENTO LINGÜÍSTICO Á DOBRE IDENTIDADE FEMININA EN GALICIA

*Lourdes Lorenzo García*¹
Universidade de Vigo

1. Introdución

Galicia é, na actualidade, unha comunidade bilingüe na que galego e español alternan nas diferentes situacións comunicativas e mesmo no idiolecto de cada falante². Esta situación, non obstante, só se está a percibir nos últimos anos, xa que a historia da lingua galega foi unha historia de asoballamento por parte da lingua dominante, o español.

Así, a principios de século, o español era a lingua de prestixio, indicadora de clase alta ou media-alta, mentres que o galego servía de vehículo de comunicación á xente do agro ou de profesións urbanas pouco consideradas³.

Esta fenda sociolingüística abriuse máis e máis coa guerra civil española e a longa dictadura que veu a continuación, na que o desprezo e mesmo a prohibición das linguas rexionais foron a tónica xeral nun desexo de facer de España “unha grande e libre”.

O cambio democrático vivido en España á morte de Franco trouxo consigo o agromar das distintas linguas que configuraban, xunto coa española, o mapa lingüístico do país. Pouco a pouco as novas xeracións comezan a sentir o que Appel et al. (1996: 35) denomina a fachenda de pertencer a unha cultura minoritaria e a necesidade prioritaria de evitar que a lingua dos seus devanceiros chegue ós catálogos de linguas extinguidas.

Mais o galego que herdaron era unha lingua eivada, relegada á literatura ou ó ámbito rural, substituída na meirande parte das interaccións comunicativas formais polo español⁴, o

1 Universidade de Vigo, Dpto. de Traducción, Facultade de Filoloxía e Traducción, Campus Lagoas-Marcosende, 36200 Vigo (Pontevedra), España; E-mail: llorenzo@uvigo.es

2 O termo “bilingüismo” é manexado neste traballo desde unha óptica sociolóxica, tal como foi proposto por Weinreich (1953), como a práctica de empregar alternativamente dúas linguas en diferentes situacións de comunicación social.

3 Sobre a loita entre a lingua de prestixio e a lingua infravalorada ver Giles, H. et al. (1979), “Prestige speech styles: The imposed norm and inherent value hypothesis”, in W.C. Mc Cormack, S.A. Wurm (eds.), *Language and society; Anthropological issues*, Mouton.

4 A substitución lingüística do galego polo español veuse realizando dun xeito sistemático, apoiándose no índice de (di)similaridade cultural estudado detidamente por Clyne (1982) e que adoptou a seguinte formulación: a maior similitude cultural, maior tendencia á substitución da lingua minoritaria pola lingua maioritaria ou pola lingua de prestixio.

que conlevaba abondosa perda lingüística para a lingua autóctona e numerosos casos de relexicalización⁵.

A situación actual do galego amosa unha fasquía moi particular: socialmente xa non recibe a tradicional valoración negativa, alomenos por parte das xeracións máis novas, pero a presenza continuada da lingua española, cunha similitude léxica e estrutural evidente, ademais do que Clyne (1982) chama “similitude cultural”, fai que asistamos a unha alternancia de códigos ó chou⁶ e a múltiples casos de interferencia no mesmo acto comunicativo.

Estas interferencias non só lingüísticas senón tamén culturais favorecen a construción dunha identidade galega mixta que se vai reflectir, en maior ou menor medida, nas dúas linguas faladas na comunidade e nas súas producións culturais (artísticas, literarias, etc.).

Para comprobar esta hipótese da interacción dinámica lingua-cultura tal como a concibiu Lakoff & Johnson (1980), partindo dos traballos seminais de Whorf a mediados de século (1956), procederáse ó estudio dun corpus de frases feitas ou expresións idiomáticas⁷ relacionadas co mundo da muller, por seren estas os elementos lingüísticos hospedadores por antonomasia das referencias culturais na lingua.

A elección do campo semántico da muller vén motivada tamén por un feito cultural: Galicia é, tradicionalmente, unha sociedade de matriarcado, e esta condición, se aplicamos as teorías lakoffianas, probablemente atopará un reflexo lingüístico no compoñente fraseolóxico da lingua.

2. Metodoloxía

Establecéronse tres categorías semánticas de fontes de creación de modismos, aquelas que adoitan ter configuracións propias intrínsecas a cada cultura: literatura-mitoloxía, relixión e anécdotas históricas.

⁵ Entendemos por 'relexicalización' o fenómeno mediante o cal unidades léxicas -palabras, frases feitas, etc.- da lingua dominante substitúen palabras da lingua minoritaria contaminándoa. Ver Appel et al. (1996: 65, 195-6).

⁶ As causas últimas desta alternancia de códigos pódense buscar no modelo funcional proposto por Jakobson (1956); nalgúns casos a alternancia prodúcese co adaxo de suliñar unha identidade bilingüe (función expresiva); noutros, o descoñecemento do termo nunha lingua é o motivo que leva a elección da outra (función referencial); mais en moitos casos coidamos que a alternancia obedece a cuestións pragmáticas como a inseguridade ante a postura de ideoloxía lingüística do receptor.

⁷ O concepto de *unidade fraseolóxica* foi manexado nun sentido amplo, comprendendo calquera expresión fixa que funcione na lingua como un todo no que o contido literal desaparece para dar paso a un contido metafórico (refráns, ditos, frases feitas, etc.). As unidades fraseolóxicas son, en palabras de Gómez (1995:120), aquelas unidades de discurso fixadas no léxico nalgún momento do pasado e que son repetidas ou re-creadas polos falantes, conscientes de que o seu significado global non equivale á suma dos significados das súas partes.

Realizouse logo unha busca manual sistemática en dous repertorios fraseolóxicos, un galego e o outro español, publicados no ano 1995, a obra *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*, de López Taboada e Soto Arias, e o *Diccionario de dichos y frases hechas*, de Buitrago Jiménez. Estes repertorios foron complementados con tres dictionarios de carácter xeral, dous de galego e un de español, os *Diccionario Xerais da Lingua* e o *Diccionario Xerais Castelán/Galego de Usos, Frases e Sinónimos*, ámbolos dous de Ares Vázquez et al., e o *Diccionario de uso del español*, de María Moliner.

Daquela, obtivemos un pequeno corpus de 24 unidades fraseolóxicas (6 da lingua galega, 18 do español), e procedemos a unha análise individual de cada modismo na súa lingua, observando se se atopaba un paralelo fraseolóxico lexicamente semellante na outra lingua obxecto de estudo, ou se aparecía un baleiro no sistema léxico-semántico. Neste segundo caso comprobouse con 70 informantes galegos se se detectaba algunha interferencia lingüística entre os dous códigos manexados en Galicia.

3. Resultados e discusión

No corpus analizado as fontes de creación de modismos españoles de temática feminina amosan unha fecundidade notable (18 casos); no galego, pola contra, estas xogan un papel bastante máis discreto (6 casos). De tódolos xeitos, ambas linguas se retroalimentan, sendo frecuentes os casos de interferencias lingüísticas, facilitados pola continua alternancia de códigos á que se aludiu na introducción a este estudio.

O feito de que en Galicia se falen dúas linguas irmás cunha estrutura gramatical e léxica moi semellante, e de que a historia e a cultura galega estean fortemente entretrecidas coa historia e a cultura españolas constitúe un factor clave que favorece as interferencias lingüísticas nun campo como é o do modismo, onde a abondosa presenza de calcos non dificulta os sentidos das expresións.

Pasaremos, entón, a analizar polo miúdo tanto os modismos galegos como os españois de temática feminina procedentes dos campos acoutados (literatura/mitoloxía, relixión e anécdota histórica) e as interferencias entre a fraseoloxía das dúas linguas:

3.1. Literatura/Mitoloxía

Táboa 1

Español	Galego
(1) ser la caja de Pandora	(1) ser a caixa de Pandora
(2) el monte de Venus	(2) o monte de Venus
(3) ser una celestina	(3) ser unha celestina

- (4) echar las cuentas de la lechera
(5) la ocasión la pintan calva

Interferencias do español no galego

- (4) ser o conto da leiteira / bota-las contas da leiteira
(5) a ocasión píntana calva⁸

Tanto no galego coma no español a literatura e a mitoloxía son terra farturenta na produción de modismos relacionados coa muller (1,2,3); alén disto, son frecuentes as interferencias de modismos españois adaptados á lingua galega (4,5). Non sucede o mesmo co español, que, probablemente pola súa condición de lingua de prestixio, se mostra máis remisa á entrada de elementos espurios.

3.2. Relixión

Táboa 2

Español	Galego
(1) llorar como una Magdalena	(1) chorar como unha Madalena
(2) si sale con barbas, San Antón y sino, la Purísima Concepción	(2) ser Santa Clara
(3) ser un vivalavirgen	
(4) fiate de la Virgen y no corras	
(5) aparecérselle a alguien la Virgen	

Interferencias do español no galego

- (2) se sae con barbas, San Antón e senón, a Purísima Concepción

Interferencias do galego no español

- (2) ser Santa Clara⁹

Mentres que o léxico español bule de ditos relacionados coa figura da Virxe, o léxico galego non recolle esta fonte de creación, substituíndoa en moitas ocasións por modismos relacionados coa figura de Deus Pai (cf: *fiate de la Virgen y no corras / fiate de Deus e non corras*¹⁰; *aparecérselle a alguien la Virgen / vir Deus a ver a alguén*). Posiblemente a existencia dunha cultura relixiosa común fai que neste grupo de modismos as interferencias

⁸ Os modismos que recolle a lexicografía galega correspondentes a este calco empregado profusamente na fala son os seguintes: *a ocasión para quen a apaña, quen ve a ocasión ve o camiño* (Ares Vázquez et al., 1990: 513).

⁹ A tradución ó español correspondente a este modismo “prestado” sería: *hablar claro / hablar como un libro abierto* (Ares Vázquez et al., 1990: 359).

sexan bidireccionais (ex: Mi sobrina *es Santa Clara*, como no le guste una cosa te lo dice / Non sei como sairán os rosquillos, *se saen con barbas, San Antón e senón, a Purísima Concepción*).

3.3. Anécdota histórica:

Táboa 3

Español	Galego
(1) en tiempos de Maricastaña	(1) en tempos de Maricastaña
(2) cuéntaselo a Rita (la cantaora)	
(3) ser / parecer el corral de la Pacheca	
(4) ser del año de la nana / de la nanita	
(5) armarse / montarse la marimorena	

Interferencias do español no galego
(4) ser do ano da nana / da nanita

A fraseoloxía española está poboada de personaxes e anécdotas históricas de distintas épocas e procedencia moi heteroxénea; é moi significativo que a lingua galega non reciba interferencias deste grupo semántico referido ós sucesos puntuais da historia de España: a cultura galega, e a súa lingua coma embaixadora máis prestixiosa, non favorece a introducción de sucesos alleos acontecidos no territorio español, demostrando así que posúe unha idiosincrasia propia. Unicamente atopamos un préstamo, *ser do ano da nana / da nanita*, que, aínda que na meirande parte dos casos o falante o emprega no contexto adecuado e co significado oportuno (= pertencer a unha época remota, suceder hai moito tempo), adoita descoñecer por completo a anécdota histórica que posibilitou a expresión¹¹.

Especial atención merece o modismo galego *en tempos / de tempos de Maricastaña* pola súa condición de único dito introducido no español que recolle un personaxe histórico feminino galego, María Castaña. Segundo Buitrago Jiménez (1995: 155), a historia non é clara dabondo en canto a quen foi este personaxe; o que parece certo é que se tratou dunha

¹⁰ Ares Vázquez et al., 1990: 757.

¹¹ Buitrago Jiménez, A., 1995: 355: “Se llamó así en parte de La Mancha, según figura en el archivo parroquial de Chillón, pueblo de la provincia de Ciudad Real, al año de 1634, por haber recorrido la zona una moza mezcla de juglar y cómico de la lengua y que hoy todavía figura en cantares, a la que se dio el apodo de “La Nanita”. Todo parece apuntar a que esta juglaresa fuese enana: el curioso nombre sería una corrupción, propia de la lengua hablada, del mote “La Enanina””.

muller lucense que viviu no século XIV, coñecida polo alcume de Mari Castaña ben pola cor do seu cabelo, ben por ser a dona de alguén apelidado Castaño. A boa da señora debeu ser de armas tomar, xa que liderou unha rebelión de cidadáns de Lugo contra o pago do tributo imposto polo bispo, fazaña que a faría pasar á posteridade no idioma galego.

4. Conclusións

Neste traballo levouse a cabo unha análise léxico-semántica dun corpus de 24 unidades fraseolóxicas (6 galegas e 18 españolas) relativas ó mundo da muller, co gallo de verifica-la seguinte hipótese: unha comunidade como é a galega na que alternan dous códigos -galego e español- incluso no seo do mesmo acto comunicativo deberá posuír unha identidade cultural composta, creada co solapamento das dúas linguas en interacción. Se é certo que dúas linguas contribúen en grande medida á conformación de dúas identidades culturais, isto hase reflectir en diversos ámbitos da sociedade, por exemplo, na construción da identidade feminina.

En primeiro lugar, clasificáronse os distintos modismos segundo unha tipoloxía semántica que contemplaba tres fontes de creación das devanditas frases feitas: literatura-mitoloxía, relixión e anécdotas históricas.

Desta clasificación obtéñense as seguintes conclusións:

1.- A literatura e a mitoloxía resultan fontes moi fecundas para o caudal idiomático de temática feminina en galego e español. Como era esperable, dúas linguas irmás sustentadas nun pasado cultural latino común comparten moitas referencias mitolóxicas e literarias.

2.- Ó campo da relixión cristiá acoden a miúdo tanto a lingua galega como a española para a formación dos seus modismos, pero cada unha delas atopa “inspiración” nunha figura diferente: mentres que o español recorre unha e outra vez á figura da Virxe nas súas frases feitas, paradoxalmente o galego, pobo de tradición mariana por excelencia, mostra unha preferencia marcada por Deus Pai.

3.- A lingua española avantaxa á galega na produción de expresións idiomáticas xestadas en anécdotas históricas puntuais. O secular sometemento da cultura galega á española podería se-la causa de que os sucesos históricos galegos non aparezan recollidos na lingua galega; ó mesmo tempo, o galego parece non favorecer tampouco a entrada de anécdotas históricas alleas á súa cultura, o que explicaría o reducido número de unidades fraseolóxicas atopadas neste grupo.

En segundo lugar, da análise das interferencias entre as fraseoloxías das dúas linguas obtense a seguinte conclusión: a lingua española, como código de prestixio, adoitou poñer

pezas á introducción de modismos galegos; a única fenda de entrada destacable é a de aqueles modismos orixinados na relixión, probablemente por ser esta común, en prácticas, crenzas e iconografía, ás dúas culturas. O galego, como lingua minoritaria e tradicionalmente valorada dun xeito negativo por moitos dos seus propios falantes, non opuxo grande resistencia á entrada de expresións idiomáticas españolas, que se instalaram na fala favorecidas por factores como o da similitude cultural e o do parecido estrutural entre as dúas linguas.

Por último, esta situación lingüística de numerosas interferencias no compoñente fraseolóxico inflúe na creación da identidade feminina en Galicia, construída mediante o solapamento das dúas linguas coas súas respectivas culturas; nos grupos temáticos de modismos galegos e españois analizados no presente estudio a muller sae bastante mal parada: é unha criatura lingoreteira (*ser Santa Clara*) e de pouco tino (*ser o conto da leiteira*), sempre disposta á maquinación e ó engano (*ser unha celestina*), e as únicas actividades que realiza das que se ten noticia están relacionadas co infravalorado mundo da farándula (*cuéntaselo a Rita (la cantaora) / ser do ano da nana*); onde ela estea haberá, de seguro, algueirada e balbordo (*armarse la marimorena, ser el corral de la Pacheca*).

En definitiva, a imaxe da muller presentada na fraseoloxía galega e española activadas conxuntamente amosa unha riqueza de matices considerable –aínda que na súa maior parte pexorativos– conseguida por medio dunha fraseoloxía simbiótica cun elevado número de interferencias.

Referencias bibliográficas

- Appel, R., P. Muysken (1987), *Language Contact and Bilingualism*, Great Britain, E. Arnold, [Trad. cast.: *Bilingüismo y contacto de lenguas*, Barcelona, Editorial Ariel, 1996].
- Ares Vázquez, C. et al. (1986), *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais.
- ___ (1990), *Diccionario Xerais Castelán/Galego de Usos, Frases e Sinónimos*, Vigo, Xerais.
- Buitrago Jiménez, A. (1995), *Diccionario de dichos y frases hechas*, Madrid, Espasa.
- Carroll, J.B. (ed.) (1956), *Language, Thought and Reality: Selected Writings of Benjamin Lee Whorf*, Cambridge, MIT Press.
- Clyne, M. (1982), *Multilingual Australia*, Melbourne, River Seine Publications.
- Giles, H. et al. (1979), “Prestige speech styles: The imposed norm and inherent value hypothesis”, in W.C. Mc Cormack, S.A. Wurm (eds.), *Language and society; Anthropological issues*, La Haya, Mouton.
- Gómez Clemente, X.M. (1995), “Fraseoloxía galega e portuguesa: o verbo *andar* como núcleo de unidades fraseolóxicas. I”, *Viceversa. Revista Galega de Traducción* 1, 119-44.
- Lakoff, G., M. Johnson (1980), *Metaphors we live by*, Chicago, U. Chicago Press.

Weinreich, U. (1953), *Languages in contact: Findings and problems*, La Haya, Mouton.